



## CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN (AGPI) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO SECTOR DA ILUSTRACIÓN E DO DÍA DA ILUSTRACIÓN NO ANO 2026

En Santiago de Compostela,

### REÚNENSE:

Dunha parte, a consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en adiante, "a Consellería") e no seu nome e representación, José Carlos López Campos, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2025, do 14 de abril, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, a Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, con NIF 78806304-R, (en adiante AGPI) e no seu nome e representación, Laura Romero Pereira, na súa condición de presidenta, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que detentan, se recoñecen reciprocamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio de colaboración e, en consecuencia,

### EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

AGPI é unha entidade sen fin de lucro que ten como fins principais; a representación, a xestión, o fomento e a defensa dos intereses profesionais dos seus membros. O fomento e a participación na negociación de acordos, contratos e/ou convenios sobre condicións do exercicio profesional dos ilustradores e as ilustradoras membros. O recoñecemento, o estudo, a promoción e a divulgación da ilustración en calquera das súas modalidades e en calquera dos medios de comunicación, expresión e difusión. A difusión do traballo e a creación dos/as





ilustradores/as e a ilustración nas artes plásticas e visuais en xeral. A formación e investigación no ámbito da ilustración gráfica e das artes visuais en xeral. A defensa, o fomento e a promoción das liberdades públicas e os dereitos humanos a través da arte en xeral.

Para desenvolver estes fins a AGPI pode organizar as seguintes actividades:

Edición de manuais, boletíns, revistas e outras publicacións en calquera soporte. Orientación sobre a práctica profesional en materia contractual, de propiedade intelectual, legal, fiscal e laboral, económica, etc. Colaboración organización de actividades diversas con outras asociacións institucións de carácter público privado de ámbito local, nacional e internacional. A realización de calquera outra actividade cultural encamiñada á promoción e divulgación da ilustración e da arte en xeral. A promoción activa da creación de redes e/ou plataformas representativas da reivindicación dos intereses do colectivo profesional de Ilustradores/as e da mellora das súas condicións no exercicio dos dereitos recoñecidos, no ámbito europeo e internacional.

Na actualidade, a entidade reúne a máis de 117 ilustradores e ilustradoras de distintas xeracións e de todas as áreas da creación visual aplicada. AGPI forma parte da Federación de Asociaciones de Ilustradores Profesionales (FADIP), integrada actualmente polas asociacións de Cataluña, Galicia, Madrid, País Vasco e Valencia. Á súa vez, FADIP é parte do European Illustrators Forum (EIF), que inclúe asociacións de ilustradores de toda Europa.

Para o cumprimento dos mencionados fins, a AGPI conta coa seguinte programación para 2026:

- Encontro Galego de Ilustradores.
- Conmemoración do Día da Ilustración 2026.
- Ampliación e actualización da web de AGPI.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

## **ESTIPULACIÓNS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O obxecto deste convenio é a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a AGPI para a realización de diversas actividades culturais de promoción do sector da ilustración en 2026 como o XXIII Encontro Galego de Ilustración ou as actividades para conmemorar o Día da Ilustración.

### **SEGUNDA.- ACTUACIÓNS E FINANCIAMENTO**

As actuacións obxecto do presente convenio son:

1. Actividades para a celebración do XXIII Encontro Galego da Ilustración. (5.790,00 €)





2. Actividades de promoción e divulgación do Día da Ilustración: dedicado a Siro López .  
(10.167,50 €)

3. Ampliación e actualización da web de AGPI (4.138,20 €).

Estas actuacións realizaranse de conformidade a desagregación dos gastos que se recollen no Anexo I. Non obstante poderán realizarse modificacións entre partidas de ata o 5% do gasto subvencionable sempre que se cumpran todos os obxectivos establecidos e se acorde previamente pola comisión de seguimento.

O financiamento das actuacións realizarase conxuntamente polas partes de acordo ao seguinte desglose:

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude: 15.000 €.
- AGPI: 5.095,70 €.

Importe total do convenio: 20.095, 70 €. Este importe deberá ser xustificado na súa totalidade por AGPI; de non ser así, procederá a correspondente minoración na achega da Consellería.

#### TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA NON CONCORRENCIA

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrència pública para a realización destas actividades, por canto a AGPI é a entidade encargada de representar a defensa dos intereses profesionais dos seus membros, aglutinando na actualidade a máis de 117 ilustradores/as e sendo a asociación mais representativa dos profesionais da ilustración en Galicia.

Por todo o anterior a AGPI é a entidade que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura para o ano 2026, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro do previsto nese plan.

#### CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA.

A Consellería, para o cumprimento das actuacións previstas neste convenio, comprométese a achegar á AGPI a cantidade de 15.000 € como contribución para a realización de diversas actividades culturais de promoción da ilustración e os seus profesionais durante o ano 2026, que se desenvolverán dentro do ámbito de vixencia do presente convenio. Esta cantidade librarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026:

-13.03.432A.781.4, código de proxecto 2023 00073

Segundo o disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería poderá realizar pagamentos anticipados que suporán achegas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio. A cantidade máxima que se achegará como pago anticipado será de 11.250€. O segundo pagamento da cantidade restante non se realizará ata que estean





integramente xustificados a totalidade dos gastos correspondentes á actividade subvencionada.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevea a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

No caso de que a AGPI solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A Consellería comprobará a execución das actividades obxecto deste convenio, así como a xustificación dos gastos que achegue AGPI.

#### QUINTA.- COMPROMISOS DE AGPI

A AGPI comprométese a achegar a cantidade de 5.095,70 € para contribuír á execución dos obxectivos deste convenio.

AGPI deberá destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.

A AGPI comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, a AGPI deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 20,1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei de subvencións.

A AGPI comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tal como se recolle no apartado d) deste artigo, a AGPI ten a obriga de comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, Regulamento de subvencións de Galicia. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A AGPI ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas, así como presentar a avaliación de resultados que figura na estipulación décimo segunda.

#### SEXTA.-COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver, que figura no convenio.





## SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste convenio a Consellería consultará automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

No caso de opoñerse a esta consulta, deberán indicalo expresamente e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Así mesmo, de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

## OITAVA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola subdirectora xeral de Bibliotecas e do Libro da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e pola presidenta da AGPI, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

## NOVENA.- GASTOS SUBVENCIONABLES. XUSTIFICACIÓN

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data límite de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida, é o 30 de novembro de 2026.

1- Serán subvencionables aqueles gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada. En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2- De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación considerarase gasto realizado durante o ano 2026 o que foi efectivamente pagado con anterioridade a data de finalización do prazo de xustificación da axuda, que respondan, en todo caso, á natureza da actividade subvencionada.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente na Carpeta cidadá da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/a-mina-sede>

A AGPI presentará electronicamente a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:





1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas, incorporación de evidencias fotográficas e detalle dos resultados obtidos.

2. Unha memoria económica xustificativa do custo total das actividades realizadas segundo o Anexo II, que conterá:

⌚ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos desglosados por actividade e ata o total do proxecto do convenio, con identificación do acredor, importe, data de emisión e data de pagamento.

⌚ Achegarán as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior, e a documentación acreditativa do pagamento.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. Cando a Consellería advirta un exceso de financiamento, minorará a subvención na parte proporcional. En caso contrario procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

No caso de que a AGPI non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De acordo co disposto no artigo 30.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Consellería comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención.

A AGPI deberá cumprir os obxectivos establecidos neste convenio de acordo co cadro de gastos recollido no anexo I, non obstante poderán realizarse modificacións entre partidas de ata o 5% do gasto subvencionable, sempre que se cumpran todos os obxectivos establecidos e se acorde previamente pola comisión de seguimento.

## DÉCIMA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

## DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificadores das persoas asinantes.

Así mesmo, a AGPI, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.





De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

#### DÉCIMO SEGUNDA.- AVALIACIÓN DE RESULTADOS

Co fin de valorar os resultados finais en relación aos fondos públicos, unha vez presentada a xustificación, ou xunto con ela, en todo caso antes do 31 de decembro de 2026, a AGPI deberá enviar unha avaliación dos resultados obtidos nas actividades obxecto do convenio de acordo coas indicacións dadas pola Consellería.

#### DÉCIMO TERCEIRA.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN E MODIFICACIÓN

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por transcurso do prazo de vixencia do presente convenio.

O convenio poderá ser obxecto de modificación de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando a modificación teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento, Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.





## DÉCIMO QUINTA.-.-VIXENCIA

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2026.

## DÉCIMO SEXTA. CONSENTIMENTO DAS PARTES EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS.

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e máis o resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica do tratamento dos datos persoais.

Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste acordo <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e <https://www.AGPI.gal/> conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.agpd.es](http://www.agpd.es)).

## DÉCIMO SÉTIMA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de





medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### DÉCIMO OITAVA.- POSIBILIDADE DE DESISTENZA DO CONVENIO

A Administración da Comunidade Autónoma poderá desistir da tramitación deste convenio.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Conselleiro de Cultura, Lingua e  
Xuventude

José Carlos López Campos

Presidenta da Asociación Galega de Profesionais  
da Ilustración

Laura Romero Pereira





## ANEXO I

1.- Día da Ilustración 2026				
Área de traballo	CONCEPTOS	prezo	IVE	Prezo total
Coordinación	Coordinación – Producción Traballo co autor, comisariado exposición, cartel exposición, produción...	1.200,00 €	252,00 €	1.452,00 €
Vídeo-homenaxe	Guión-Preproducción Realización-animación Outros (música, metraxe extra)	1.500,00 €	315,00 €	1.815,00 €
Expo BdG	Gráfica exposición Biblioteca de Galicia (paneis vitrinas e totem) Ilustracións-homenaxe dos socios/non socios	1.050,00 €	63,00 €	1.113,00 €
Comunicación	Difusión en redes AGPI Adaptación contidos gráficos redes AGPI Cápsulas vídeo redes	1.300,00 €	210,00 €	1.510,00 €
Web DI	Actualización e ampliación web diadailustracion.gal Redacción - revisión textos e contidos web	2.750,00 €	577,50 €	3.327,50 €
Obradoiros EASD	Obradoiros ou charlas Escolas de Arte	1.050,00 €		1.050,00 €
Gastos produción	Desprazamentos, envíos etc	200,00 €		200,00 €
	Subtotal	9.050,00 €	1.417,50 €	10.467,50 €

<b>2.- Web AGPI</b>	Ampliación e actualización xeral e da zona de portfolios	3.120,00 €	718,20 €	3.838,20 €
---------------------	--	------------	----------	------------

3.- XXIII Encontro Galego de Ilustración				
Área de traballo	CONCEPTOS	prezo	IVE	Prezo total
Organización	Coordinación do evento	600,00 €	126,00 €	726,00 €
Medios	Fotos, vídeos e RRSS	300,00 €	63,00 €	363,00 €
Deseño gráfico	Ilustración cartel, Deseño de cartel, flyers, etc	550,00 €	84,00 €	634,00 €





Impresión	Impresión materiais promocionais	300,00 €	63,00 €	363
Charlas- obradoiros	Moderadoras mesa redonda, Poñentes mesa redonda, Obradoiros, Conferencias/Charlas	1.400,00 €	294,00 €	1.694,00 €
Dietas e gastos varios	Xantar participantes, Pausa café, Dietas e outros gastos.	1.560,00 €		1560
Eventos e actividades	Escaparate ilustrado Librería, exposicións actuacións, etc	450,00 €		450
	subtotal	5.160,00 €	630,00 €	5.790,00 €

<b>Total proxecto:</b>	17.330,00 €	2.765,70 €	20.095,70 €
------------------------	-------------	------------	-------------

Custo total do proxecto obxecto do convenio	Achega Xunta	Achega AGPI
20.095,70 €	15.000,00 €	5.095,70 €





## ANEXO II

GASTOS ACTIVIDADE 1		CONCEPTO:						
DATA FACTURA	DATA PAGO	ACREEDOR	NIF	CONCEPTO FACTURA	Nº FACT.	IMPORTE	IMPORTE IVE	TOTAL
GASTOS ACTIVIDADE 2		CONCEPTO:						
DATA FACTURA	DATA PAGO	ACREEDOR	NIF	CONCEPTO FACTURA	Nº FACT.	IMPORTE	IMPORTE IVE	TOTAL
GASTOS ACTIVIDADE 3		CONCEPTO:						
DATA FACTURA	DATA PAGO	ACREEDOR	NIF	CONCEPTO FACTURA	Nº FACT.	IMPORTE	IMPORTE IVE	TOTAL

ACTIVIDADE	XUSTIFICACIÓN	ACHEGA PROPIA	ACHEGA XUNTA
1			
2			
3			
<b>TOTAIS</b>			

